

NADIA MURAD

Nadia Murad nace en 1993 en Kocho, ao norte de Irak. Pertence á minoría étnica relixiosa *yazidí*.

No ano 2014, os combatentes do Estado Islámico atacaron os *yazidís* en Sinjar, asasinando os homes e tomando como escravas sexuais ás mulleres para vendelas como mercancía.

Entre esas case 7000 mulleres estaba Nadia, que foi retida como escrava en Mosul. Durante os tres meses que durou o seu cativerio sufriu diariamente todo tipo de abusos, vexacións, agresións e violacións. Unha noite na que o seu “amo” Abu Muawaya non pechou con chave a porta do lugar onde estaba retida, logrou fuxir e foi acollida por unha familia veciña, que a axudou a saír da área controlada polo Estado Islámico. Puido chegar a un campamento de persoas refuxiadas en Dukok.

No ano 2015, falou da súa experiencia a reporteiros do xornal belga *La Libre Belgique*. Daquela, Nadia vivía nun colector no campamento Rwanga. Meses despois, grazas a un programa de persoas refuxiadas do goberno alemán, marcha a vivir a este país europeo.

En decembro de 2015, Nadia Murad falou por vez primeira no Consello de Seguridade das Nacións Unidas sobre a trata e a tortura das persoas *yazidís* a mans do Estado Islámico. Foi un discurso breve, de apenas tres minutos, pero tiña tanta forza que bastou para que o mundo coñecese a súa traxedia e a súa determinación a non ser silenciada. Comeza así unha loita persoal que non cesará ata conseguir levar os *yihadistas* responsables das violacións, secuestros e matanzas cometidas en Siria e Irak ante a Corte Penal Internacional por cargos de xenocidio e crimes contra a humanidade.

Desde entón Nadia Murad plantoulle cara a todas as etiquetas coas que a marcou a vida: orfa, vítima de violación, escrava e refuxiada, substituíndoas por unhas novas: lideresa *yazidí*, activista polos Dereitos Humanos, defensora das mulleres, Embaixadora de Boa Vontade pola Dignidade dos Superviventes da Trata de Persoas das Nacións Unidas e escritora.

O 5 de outubro de 2018, o Comité Noruegués do Nobel anunciou que o Premio Nobel da Paz dese ano era outorgado a Nadia Murad polos seus esforzos para poñer fin á violencia sexual como arma de guerra, dándolle visibilidade a este problema para que as persoas que cometen tales actos respondan das súas accións.

Por todas estas causas, Nadia segue a traballar na actualidade desde a súa fundación, *Nadia's Initiative*, creada en setembro de 2016 co obxectivo de reconstruír comunidades en crise e defender as vítimas da violencia.

Nicolás Soto Migueles

1º Bacharelato C